



Concello de Cuntis

BANDO

CAMPAÑA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS: INFORMACIÓN SOBRE DISTANCIAS E XESTIÓN DA BIOMASA

Á vista da comunicación da Consellería do Medio Rural, este alcalde,

FAI SABER;

O valor que o monte desempeña vén sendo ameazado pola propagación de incendios forestais afectando á súa riqueza ambiental e paisaxística e ás actividades agroforestais que nel se desenvolven, poñendo en risco a integridade das persoas.

A Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ten contempladas as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume así como estratexias de extinción.

As medidas a tomar son:

- *Respetar as distancias das plantacións*
- *Evitar o abandono do monte*
- *Controlar o crecemento da biomasa nas parcelas*

Debe lembrarse de:

- *Alertar de calquera actividade delituosa que se vexa*
- *As queimas autorizadas só se permitirán polo día e cando as condicións meterolóxicas así o permitan.*
- **En caso de lume alertar ao 085**

A Lei mencionada recolle no artigo 21 as obrigas dos particulares.

No suposto de incumprimento os entes locais procederán a advertirlle e a instruír o correspondente procedemento sancionador.

Xunto con este bando achégase esquema de distancias entre plantacións de eucaliptos, piñeiros e acacias así como de especies frondosas caducifolias, (ameneiro, bidueiro, castiñeiro, carballo, loureiro,).

Pregamos teñan en conta as medidas mencionadas,

Cuntis, na data da sinatura dixital á marxe.

